Introdución

Saúdo e benvida

Cando estea nun ensaio clínico, deberá completar unha serie de actividades. Neste ensaio, usará a aplicación MyVeeva for Patients para completalas. Entre estas actividades, poden incluírse as seguintes:

- Asinar formularios de consentimento
- Responder a enquisas
- Consultar as próximas consultas e unirse a consultas por vídeo

Toda a información que recompilamos mantense confidencial e só a pode ver o equipo do estudo.

Tamén pode usar a nosa aplicación de forma ininterrompida para levar un control das próximas consultas e as tarefas completadas.

Tarefas pendentes

Como a xestión das actividades dun estudo pode resultar complexa, xuntamos todo o que ten que facer nun só lugar. O separador Tarefas pendentes ten tres seccións:

- **Hoxe:** todos os formularios, as enquisas e as consultas que están dispoñibles para completarse ou que vencen hoxe. Nesta sección tamén se inclúen as enquisas opcionais que se realizan segundo sexa preciso.
- **Mañá:** todos os formularios, as enquisas e as consultas que será preciso completar mañá.
- **Próximas consultas:** próximas consultas presenciais ou por vídeo.

Para ver o que xa completou, seleccione **Ver completadas**.

¿Non pode seleccionar unha tarefa pendente?

Se non pode seleccionar unha tarefa pendente, quizais aínda non estea dispoñible. Consulte a data e a hora debaixo do título para ver cando estará dispoñible.

Notificacións

Se facilitou un enderezo de correo electrónico, enviarémoslle notificacións por este medio cando se atribúan tarefas pendentes e cando vaian vencer.

¿Nun teléfono ou nunha tableta?

Recomendamos activar as notificacións push para que o dispositivo lle recorde cando vencen as tarefas pendentes.

A continuación, explícase como activalas:

1. **Abra o separador Conta.**
2. **Seleccione Configuración**.
3. **Seleccione a icona de apertura xunto a Notificacións.**
4. **Active as notificacións push.** Use a configuración do dispositivo.

Asinar formularios de consentimento

Para poder participar nun estudo, ten que asinar polo menos un formulario de consentimento.

Se o equipo do estudo dixitalizou os formularios, pode asinalos con esta aplicación. A continuación, explícase como se poden asinar:

1. **Abra o separador Tarefas pendentes** .
2. **Seleccione o formulario.**

   ### ¿Formulario bloqueado?

   Iso quere dicir que pode revisar o documento, pero que aínda non ten acceso para asinalo. É posible que teña que asinar primeiro outros documentos, ou ben que o equipo do estudo lle forneza un código cando poida asinalo.

3. **Lea o formulario.**
4. **Asine o formulario.** Pode asinar o formulario dunha destas formas:
   - Prema ou toque no bloque de sinatura para asinalo.
   - Asine no campo correspondente e seleccione **Aplicar**.
5. **Envíelle o formulario ao equipo do estudo.** Seleccione **Enviar**.

Unirse a unha consulta por vídeo

Se o equipo do estudo lle programou consultas por vídeo, pode unirse desde o seu dispositivo, en lugar de facelo na oficina do equipo do estudo.

Se ten unha consulta por vídeo programada, a continuación explícase como pode unirse:

1. Abra o separador **Tarefas pendentes** .
2. Seleccione a consulta por vídeo á que desexe unirse.
3. Seleccione **Unirse á reunión**.

Responder a enquisas

Como parte do estudo, é posible que se lle fagan preguntas sobre a súa calidade de vida ou a súa saúde. Pode responder a estas enquisas desde calquera lugar con esta aplicación. As súas respostas son confidenciais e só as verá o equipo do estudo.

Cando sexa preciso responder a unha nova enquisa, recibirá unha notificación por correo electrónico ou a través da aplicación.

A continuación, explícase como responder a unha enquisa:

1. **Abra o separador Tarefas pendentes** .
2. **Seleccione a enquisa.**
3. **Seleccione Aceptar.** Ábrese a enquisa.
4. **Responda ás preguntas da enquisa.** Pode desprazarse cara arriba para ver as preguntas que xa respondeu.
5. **Seleccione Enviar.** As respostas da enquisa envíanse ao equipo do estudo.

No caso de enquisas máis extensas, se as inicia antes do seu vencemento, pode facer unha pausa e volver máis tarde para rematalas antes da data e hora límite.

Se fai unha pausa mentres responde a unha enquisa, ao volver, seguirá dispoñible no separador Tarefas pendentes e aparecerá **Retomar** ao seu carón. Cando seleccione a enquisa, continuará no punto no que parou.

Precisa axuda?

Se ten algunha pregunta, non se preocupe. Pode pedirlle axuda ao equipo do estudo en calquera momento.

Seleccione o botón **Pedir axuda co estudo** no separador Estudo .

myVeeva FOR PATIENTS

©2023 Veeva Systems